

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:IES MUGARDOS
CURSO:ESA IV
MATERIA:INGLÉS
DEPARTAMENTO:INGLÉS
DATA: 11 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro informal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais, sobre temas do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e a información relevante en presentacións orais e proxectos socioculturais de pouca extensión, claros e estruturados, relativos a temas e aspectos concretos, frecuentes e cotiáns do ámbito persoal e do seu interese.(ESCOITA)
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Producir textos orais breves e comprensibles, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e se intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá, sobre asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e se xustifican brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2.1. Fai presentacións e participa proxectos breves, previamente ensaiados, ben estruturados e con apoio visual e seguindo un modelo, en formato impreso ou soporte dixital, sobre aspectos concretos de temas do seu interese e sobre aspectos socioculturais do país da lingua estranxeira e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas..
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Producir textos orais breves e comprensibles, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e se intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá, sobre asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e se xustifican brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2.1. Entende as ideas principais dun texto escrito breve e ben estruturado en presentacións breves e sinxelas e en proxectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira.
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións Comunicativas propias do seu nivel.

uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados.	
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto e do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6.1. Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira nun rexistro informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2.1. Escribe textos breves en distintos formatos, seguindo un modelo estruturado, con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e do seu interese e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira para incorporalos a proxectos.
<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5.1. Emprega adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar información en situacións cotiáns e habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6.1. Emprega un vocabulario básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>1. Probas telemáticas : Se as houberse, xa que acordamos a eliminación total ou parcial de exames online durante o último trimestre.</p> <p>2. Traballos e proxectos: realizou con dedicación e aproveitamento as tarefas destinadas a reforzar, recuperar e repasar as 4 destrezas para a consecución dos estándares de aprendizaxe imprescindibles asociados a cada unha delas, sendo conscientes que a práctica da destreza oral vese limitada polo uso de vías de comunicación telemáticas.</p> <p>Propiciarase o desenvolvemento de proxectos integrados que impliquen o proceso e recollida de información sobre distintos temas de interese cultural .Repasaranse estruturas lingüísticas coñecidas ou presentar estruturas lingüísticas necesarias para a consecución dos estándares a través dos traballos ou proxectos solicitados</p> <p>3. Grao de Participación nas tarefas propostas.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>1. Proba de comprensión e produción escrita Proba de comprensión e produción oral</p> <p>2. Rúbricas de proxectos (das diferentes fases, do produto final, do proceso) Rúbricas de producións, Fichas de Observacións</p> <p>3. Fichas de Observacións</p>
Cualificación final	<p>1. <u>Ponderación do traballo realizado no último trimestre:</u></p> <p>❖ <i>Grao de participación 20%</i></p> <p>❖ <i>Traballos, proxectos ou tests online.....80%</i></p> <p>2. <u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u></p> <p>1. Ponderación da 1ª e 2ª Avaliación 1ª Avaliación : 50% 2ª Avaliación : 50%</p> <p>2. Ponderación do traballo realizado no último trimestre a) Para obter a nota da 3ª avaliación teranse en conta: Grao de participación 20% Traballos, proxectos ou tests online.....80% b) A nota conseguida na 3ª Avaliación terá un valor do 25% con respecto á media obtida entre a 1ª e 2ª Avaliación.</p> <p>3. O alumno superará a materia se se dan as seguintes circunstancias:</p> <p>1. Se aproba a 1º avaliación</p> <p>2. Se a media da 1ª e 2ª avaliación é 5 ou máis de 5, faise media coa nota acadada na 2ª avaliación, sempre e cando non lla baixe.</p> <p>2. Se a 1ª avaliación é menor de 5, o alumno pode recuperar a materia se facendo a media co traballo da 2ª avaliación ten un 5 ou mais de 5.</p> <p>3. Se a nota media da 1ª e ,2ª avaliación non chegase a 5, pero a nota da 2ª avaliación é 5 ou mais de 5, o alumno recuperará a materia con un 5.</p>

Proba extraordinaria de setembro	Realizárase unha proba baseada nos contidos , criterios de cualificación e estándares traballados na 1ª Avaliación

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Actividades de comprensión ✓ Actividades de expresión escrita ✓ Actividades de comprensión oral ✓ Actividades de expresión oral (limitadas polo uso de medios telemáticos) ✓ Producións e proxectos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Uso de medios telemáticos (googleclassroom, videoconferencias en Ciscowebex, googlemeet,etc) para comunicarse cos alumnos e para a realización de actividades de repaso, reforzo e recuperación que integren as 4 destrezas. ✓ No caso de alumnado con dificultades de conectividade, o IES Mugaros ten disposto un servizo de reparto de tarefas a estes alumnos a través de protección civil.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Uso de materias e recursos da páxina web de Consellería de Educación. ✓ Materiais de produción propia. ✓ Colaboración da auxiliar de conversa .

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. <ul style="list-style-type: none">✓ A través dos titores✓ A través de Google Classroom e Avalor Móbil .✓ A través do correo electrónico facilitado ás familias .
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.